XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

Dirección Xeral de Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

Modelo MD85PRO01

Programación

Centro: CMUS PROFESIONAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Materia/disciplina: Clarinete

Curso: 2026 – 2027

1 Profesorado: Uxía Bolaño , Saúl Canosa e Antonio García

ÍNDICE

1 INTRODUCIÓN....3

1.1. MARCO LEGAL....4
1.2. PLANS DE REFORZO....4

2 METODOLOXÍA....4

2.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS....4

3 ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....6

4 TEMAS TRANSVERSAIS....6

4.1 EDUCACIÓN EN VALORES....7
4.2 TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)....7

5 ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS....8

6 SECUENCIACIÓN DO CURSO....9

6.1 CURSO: 1ºGE....9
6.1.1 Obxectivos....9
6.1.2 Contidos....9
6.1.3 Avaliación....10
6.1.4 Medidas de recuperación....14
6.1.3. Recursos didácticos....15
6.2 CURSO: 2ºGE....17
6.2.1 Obxectivos....17
6.2.2 Contidos....17
6.2.3 Avaliación....17
6.2.4 Medidas de recuperación....21
6.2.5 Recursos didácticos....23
6.3 CURSO: 3º GE....24
6.3.1 Obxectivos....24
6.3.2 Contidos....24
6.3.3 Avaliación....24
6.3.4 Medidas de recuperación....28
6.3.5 Recursos didácticos....30
6.4. CURSO: 4º GE....32
6.4.1. Obxectivos....32
6.4.2. Contidos....32
6.4.3. Avaliación....33
6.4.4. Medidas de recuperación....36
6.4.5. Recursos didácticos....37
6.5. CURSO: 1º GP....39
6.5.1. Obxectivos....39
6.5.2. Contidos....39
6.5.3. Avaliación....39
6.5.4. Medidas de recuperación....43
6.5.5. Recursos didácticos....45
6.6. CURSO: 2º GP....46
6.6.1. Obxectivos....46
6.6.2. Contidos....46
6.6.3. Avaliación....46
6.6.4. Medidas de recuperación....50
6.6.5. Recursos didácticos....52
6.7. CURSO: 3ºGP....53
6.7.1. Obxectivos....53

6.7.2. Contidos *53*
6.7.3. Avaliación *53*
6.7.4. Medidas de recuperación *57*
6.7.4. Recursos didácticos *59*
6.8. CURSO: 4ºGP 60
6.8.1. Obxectivos *60*
6.8.2. Contidos *60*
6.8.3. Avaliación *60*
6.8.4. Medidas de recuperación *64*
6.9. CURSO: 5ºGP 68
6.9.1. Obxectivos *68*
6.9.2. Contidos *68*
6.9.3. Avaliación *68*
6.9.4. Medidas de recuperación *72*
6.9.5. Recursos didácticos *74*
6.10. CURSO: 6ºGP 76
6.10.1. Obxectivos *76*
6.10.2. Contidos *76*
6.10.3. Avaliación *76*
6.10.4. Medidas de recuperación *80*
6.10.5. Recursos didácticos *82*
7 . PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 83
8. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO 83
9. ANEXOS 84
9.2. PROBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS 86
9.2.1. Probas de acceso a 2º, 3º ou 4º de grao elemental *86*
9.2.2. Probas de acceso a 2º, 3º, 4º, 5º ou 6º curso do Grao Profesional *87*
9.3. CRITERIOS PARA A OBTENCIÓN DOS PREMIOS FIN DE GRAO 88
9.4. RÚBRICA DE AVALIACIÓN CONTINUA (AVALIACIÓNS TRIMESTRAIS) 90
9.5. RÚBRICA DE AVALIACIÓN PUNTUAL (PARA O CASO EN QUE A AVALIACIÓN CONTINUA NON SEXA POSIBLE, PARA A AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA E PARA A AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA) 99
9.6. RÚBRICA DE AVALIACIÓN PARA AS PROBAS DE ACCESO A CALQUERA CURSO DE GRAO PROFESIONAL 102

1 Introdución

Esta Programación Didáctica ten como principal finalidade secuenciar e concretar os obxectivos, contidos e criterios de avaliación do Grao Elemental e do Grao Profesional da materia de Clarinete propostos no currículo vixente, aos diferentes cursos destas ensinanzas, partindo das características propias do centro onde se levará á práctica, así como do ámbito xeográfico, sociolóxico e cultural onde este se enmarca. Con este fin, indícanse para cada un dos cursos unha relación de contidos, recursos e criterios de avaliación, ademais de pautas en canto á súa secuenciación temporal orientadas á consecución dos obxectivos propostos e, igualmente, os criterios e ferramentas para a súa avaliación.

1.1. Marco legal

A normativa e os documentos legais que regulan as ensinanzas de música en Galicia e que se tiveron en conta para a elaboración desta programación didáctica pódense consultar na páxina web da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades edu.xunta.gal. Enlace: Normativa das ensinanzas de música

1.2. Plans de reforzo

Coa finalidade de traballar na atención ás necesidades do alumnado, o profesorado disporá, cando sexa posible, dun tempo destinado a actividades de reforzo dentro do seu horario. Nestes casos informarase ás familias e o profesorado recollerá no caderno de aula tanto as necesidades detectadas, os contidos que se abordarán, como as ferramentas empregadas dentro da aula de reforzo.

2 Metodoloxía

O modelo de ensinanza e aprendizaxe no que se alicerza esta Programación Didáctica é de carácter socioconstrutivista, considerando ao alumnado como axente activo no seu propio proceso de aprendizaxe e tendo presente a importancia da interacción a partir do principio de mediación docente, que concibe ao profesorado como facilitador e non mero transmisor. Neste sentido, ponse énfase na relevancia dos coñecementos previos para poder adaptar as aprendizaxes á estrutura cognitiva do educando e promover deste modo aprendizaxes significativas.

Debido á propia natureza da ensinanza instrumental, os métodos de ensinanza serán individualizados e activos, baseados na resolución de problemas e o descubrimento guiado, onde o profesorado nas sesións de clase contribúe a orientar e motivar ao alumnado no desenvolvemento dos diversos proxectos que se propoñan. As estratexias metodolóxicas estarán adaptadas ao desenvolvemento madurativo do alumnado e aos factores contextuais, tales como o tempo dispoñible e os recursos existentes.

2.1. Principios metodolóxicos

- Actividade e participación: procurando o “aprender facendo” e a práctica inherente á interpretación instrumental como principio da aprendizaxe.

- Motivación e autoestima: como base de toda aprendizaxe, favorecendo o desexo por aprender.
- Aprendizaxe significativa: incidindo no desenvolvemento da autonomía na aprendizaxe, no aprender a aprender, na memoria comprensiva e no establecemento de relacións non arbitrarias entre os novos coñecementos, valores, actitudes e os esquemas de coñecemento previos.
- Globalización: o tratamento dos contidos obxecto de aprendizaxe estruturarase de forma interrelacionada dentro de cada curso e entre os diferentes cursos (tratamento en espiral) afondando no seu desenvolvemento con respecto aos cursos precedentes e respectando así a evolución do alumnado e dos seus procesos de aprendizaxe.
- Personalización e atención á diversidade: tendo en conta a heteroxeneidade do alumnado, adaptarase a actuación docente en función dos diferentes ritmos de traballo e aprendizaxe.
- Creatividade: facilitando estratexias que permitan aflorar a imaxinación e a intuición, procurando unha práctica musical expresiva que favoreza o desenvolvemento da personalidade interpretativa.
- Interacción e convivencia: fomentando a interacción positiva, a cordialidade e o respecto entre todos os participantes do proceso de aprendizaxe, procurando a implicación das familias no proceso educativo a través da acción titorial.

3 Atención á diversidade

É prescritivo e necesario atender á pluralidade do alumnado e contribuír de modo equitativo ao reto que supón atender á diversidade, comprendida como o conxunto de medidas e accións encamiñadas a adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A finalidade educativa dirixida á consecución do máximo desenvolvemento persoal e social posible, require dunha educación adaptada ás singularidades, que garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e poña ao alcance os recursos necesarios. E sendo isto preciso para a totalidade do alumnado, resulta fundamental nos casos das persoas que, de forma temporal ou permanente, presentan necesidades específicas de apoio educativo por presentar dificultades específicas de aprendizaxe, necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Deste modo, as medidas de atención á diversidade que se artellan a partir desta Programación Didáctica forman parte dun continuo que, partindo da avaliación inicial, asumen os principios de inclusión, normalización, individualización didáctica e sectorización de servizos. Así, desenvolveranse diferentes estratexias e empregaranse os recursos necesarios adaptados ás particularidades do alumnado en cuestión: axustes nos procedementos metodolóxicos, avaliadores e nas diversas actividades de seguimento; flexibilidade nos ritmos de traballo; adaptacións nos materiais didácticos, entre outros.

Estas medidas que se levarán a cabo para a atención á diversidade atópanse detalladas no Plan de atención á diversidade do centro, dispoñible na súa páxina web. Enlace: conservatoriosantiago.gal/o-centro/documentos

4 Temas transversais

O desenvolvemento integral do alumnado, en tanto que finalidade da educación, comporta a necesidade de atender non só aos aspectos cognitivos e intelectuais, senón tamén ás capacidades afectivas, motrices, de relación interpersoal e de actuación social. Debido ao carácter eminentemente procedimental das ensinanzas musicais, os elementos transversais adquiren notable protagonismo nos procesos de ensino e aprendizaxe. A este respecto, procurarase incidir no desenvolvemento de hábitos saudables que favorezan o coidado do corpo e da mente, así como dunha actitude crítica no alumnado que lle permita valorar e

desenvolver os seus propios xuízos construtivamente. Inculcar valores ligados á tolerancia, á equidade, ao respecto e ao recoñecemento á diversidade, comprendendo que todas as persoas somos diversas, incidirá no fomento dunha educación moral e cívica, alén da posta en práctica dun traballo colaborativo, xusto e democrático que poña en valor a diversidade de opinións.

4.1 Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores pártese dos seguintes elementos estruturais:

- Educación para a saúde: inculcaranse hábitos saudables e poñerase en valor a importancia dunha posición corporal correcta, os coidados do corpo e do propio instrumento.
- Educación para a igualdade de sexos: toda actividade musical partirá dos principios de inclusión, colaboración, participación e respecto mutuo.
- Educación para a paz: favorecerase a convivencia harmónica visibilizando as repercusións positivas da música na contorna.
- Educación moral e cívica: promoveranse actitudes de tolerancia e respecto en todas as interaccións.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

Seguindo a normativa do centro no que se enmarca esta Programación Didáctica:

- Non se permite o uso de teléfonos móbiles, así como calquera outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesorado o autorice e sexa con fins didácticos.
- Non se permite o uso na aula ou fóra dela de ningún programa ou aplicación informática que compile ou faga uso de datos do alumnado (datos persoais, datos de avaliación e seguimento) agás CENTROSNET, e as súas aplicacións para dispositivos móbiles, ou calquera outro establecido e/ou autorizado pola Consellería.
- Poderanse utilizar outros programas ou aplicacións informáticas que non compilen nin fagan uso de datos do alumnado (metrónomo, afinador, etc.).

5 Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

Fomentarase a asistencia do alumnado a concertos, cursos, clases de reforzo, conferencias, entre outras, que xurdan tanto dentro coma fóra do centro, sobre todo as relacionadas ou que poidan ser de interese para a materia.

Así mesmo procurarase, na medida do posible, participar nas actividades organizadas polo centro, tanto audicións ou concertos públicos coma calquera outra actividade de promoción das ensinanzas que poida ser de proveito para o alumnado.

En calquera caso as actividades complementarias e extraescolares que organice o centro, ou nas que participe activamente relacionadas ou non con esta materia, serán definidas ao comezo de cada curso dentro do Programa de Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas.

6 Secuenciación do curso

Esta materia impártese en todos os cursos do Grao Elemental (de 1º a 4º) e do Grao Profesional (de 1º ata 6º).

6.1 Curso: 1ºGE

6.1.1 Obxectivos

1 Adquirir os fundamentos dunha boa posición corporal buscando a tonicidade muscular adecuada de tronco e extremidades, tanto sentado como erguido.
2 Conseguir unha toma de aire (inspiración) o máis relaxada e profunda posible.
3 Adoptar unha posición da embocadura que permita obter un son centrado e de calidade.
4 Descubrir as diferentes opcións de emisión do son: primeiro só con aire para despois ir introducindo pouco a pouco o funcionamento da lingua.
5 Iniciación do sentido da afinación a través da práctica na clase colectiva.
6 Coñecer e practicar a escala cromática dende mi2 ata do5.
7 Práctica de escalas, escalas por terceiras e arpexos de tonalidades maiores de ata unha alteración no rexistro grave e en diferentes articulacións. No caso de Do M traballarase na tesitura do3-do5.
8 Memorizar pequenos fragmentos musicais e escalas.
9 Coñecer as indicacións de medida, ritmo, dinámica e articulación atopadas nos textos musicais propostos para este curso.
10 Coñecer e practicar música de conxunto.
11 Coñecemento da morfoloxía do clarinete.

6.1.2 Contidos

1 Control, dominio e rectificación da posición corporal co instrumento.
2 Exercicios de respiración con e sen instrumento.
3 Exercicios de embocadura e emisión.

4 Exercicios de afinación sobre intervalos de cuarta, quinta e oitava xustas así como unísonos (clase colectiva).
5 Escalas e arpexos de DoM, SolM e FaM en diferentes articulacións e figuracións.
6 Escala cromática dende mi2 ata do5 en diferentes articulacións.
7 Exercicios de memorización e interpretación.

6.1.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as diversas necesidades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a complexidade de avaliar unha disciplina artística; transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e accesible, dado que esta Programación estará publicada na páxina web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1 Adquirir unha posición correcta á hora de tocar o clarinete. MÍNIMO ESIXIBLE.
2 Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión. MÍNIMO ESIXIBLE.
3 Correcta realización das diferentes escalas e arpexos programados no curso. MÍNIMO ESIXIBLE.
4 Correcta interpretación dos diferentes estudos e obras programados no curso. MÍNIMO ESIXIBLE.
5 Mostrar ao longo do curso unha participación activa na aula de instrumento.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

a Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

b Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

PRIMEIRA AVALIACIÓN

1 Enjoy playing the clarinet, páxs. 1 a 9.
2 La clarinette classique, 1 peza.
3 ABC do xoven clarinetista, páxs. 13 a 25.
4 220 exercicios, páxs. 9 a 15.
5 Escoitar, ler e tocar, vol. 1, páxs. 1 a 19.

SEGUNDA AVALIACIÓN

1 Escala cromática dende mi2 ata sib3.
2 Escala e arpexos de FaM e SolM no rexistro grave en diferentes articulacións.
3 Enjoy playing the clarinet, páxs. 10 a 18
4 La clarinette classique, 1 peza.
5 ABC do xoven clarinetista, páxs. 26 a 40.
6 220 exercicios, páxs. 16 a 21.
7 Escoitar, ler e tocar, vol. 1, páxs. 20 a 31.

TERCEIRA AVALIACIÓN

1 Escala cromática dende mi2 ata do5.
2 Escala e arpexo de DoM (do3 do5) en diferentes articulacións.
3 Enjoy playing the clarinet, páxs. 18 a 27.
4 La clarinette classique, 1 peza.
5 ABC do xoven clarinetista, páxs. 41 a 51.
6 220 exercicios, páxs. 22 a 27.
7 Escoitar, ler e tocar, vol. 1, páxs. 32 a 56.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Probas puntuais de nivel.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

A ponderación do valor dos controis sobre a cualificación final será do 20%. Os controis serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Cada alumno/a terá a obriga de participar nunha audición, se ben esta non será avaliable.

A ponderación do valor das anotacións do caderno de aula sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será realizada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Este 80% dividirase en:

40% en función dos criterios de avaliación 3 e 4.
20% en función dos criterios de avaliación 1 e 2.
20% en función do criterio de avaliación 5.

En caso de que por motivos xustificados o alumnado non poida realizar o control, a ponderación será a seguinte:

50% en función dos criterios de avaliación 3 e 4

30% en función dos criterios de avaliación 1 e 2

20% en función do criterio de avaliación 5

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os **criterios de cualificación** da proba son os establecidos para o mesmo curso no que está.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta Programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10, sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.1.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con, cando menos, unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en: interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función dos criterios de avaliación 3 e 4.

30% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.

10% da cualificación en función do criterio de avaliación 1.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A **proba** consistirá en: interpretación das escalas, estudos e obras (a elección do profesorado) que consten no informe de avaliación negativa e que abranguen, cando menos, os mínimos esixibles do curso.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función dos criterios de avaliación 3 e 4.

30% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.

10% da cualificación en función do criterio de avaliación 1.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.1.3. Recursos didácticos

KLOSÉ, J.: 220 Estudos. (Revisado por Guy Dangain). Billaudot.

BONETTI, R.: Enjoy playing the clarinet. Oxford.

WASTALL, P.: Learn as you play clarinet. Boosey and Hawkes.

DANGAIN, G.: ABC do xoven clarinetista. Vol. 1. Billaudot.

KASTELEIN, J. e OLDENCAMP, M.: Escoitar, ler e tocar, vol. 1.

LANCELOT e CLASSENS: La clarinette classique. Vol. A.

* O profesor/a seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.

6.2 Curso: 2ºGE

6.2.1 Obxectivos

1 Adoptar unha posición corporal correcta ao tocar o instrumento.
2 Afianzar o proceso de respiración.
3 Adoptar o necesario control dos músculos que conforman a embocadura permitindo unha boa calidade sonora en todos os rexistros.
4 Diferenciar e empregar os diversos tipos de articulación básicos.
5 Mellorar progresivamente o sentido da afinación.
6 Dominar a escala cromática dende mi2 ata mi5 así como as tonalidades de DoM, Lam, FaM, Rem, SolM e Mim en diferentes articulacións.
7 Elaborar, co apoio docente, un sistema de traballo individual aplicable ao estudo diario.
8 Memorización de fragmentos musicais e das escalas programadas no curso.

6.2.2 Contidos

1 Control e dominio progresivo da posición corporal ao tocar o instrumento.
2 Exercicios de respiración con e sen instrumento.
3 Exercicios de embocadura e emisión.
4 Escala cromática dende mi2 ata mi5 nas diferentes articulacións.
5 Traballo de escalas e arpexos sobre as tonalidades programadas no curso en diferentes articulacións.
6 Interpretación e memorización dos textos musicais programados no curso.

6.2.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as diversas necesidades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a complexidade de avaliar unha disciplina artística; transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e accesible, dado que esta Programación estará publicada na páxina web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1 Adquirir unha posición correcta á hora de tocar o clarinete. MÍNIMO ESIXIBLE.
2 Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión. MÍNIMO ESIXIBLE.
3 Correcta realización das diferentes escalas e arpexos programados no curso. MÍNIMO ESIXIBLE.
4 Correcta interpretación dos diferentes estudos e obras programados no curso. MÍNIMO ESIXIBLE.
5 Mostrar ao longo do curso unha participación activa na aula de instrumento.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

PRIMEIRA AVALIACIÓN

1 Escala cromática dende mi2 ata mi5.
2 La clarinette classique, 3 pezas.
3 295 exercicios, páxs. 9 a 16.
4 ABC do xoven clarinetista, vol. 2, páxs. 10 a 23.
5 Escoitar, ler e tocar, vol. 2, páxs. 1 a 19.

SEGUNDA AVALIACIÓN

1 Escala cromática dende mi2 ata mi5.
2 La clarinette Classique, 3 pezas

3 295 exercicios, páxs. 17 a 24.

4 ABC do xoven clarinetista, vol.2, páxs. 24 a 37.

5 Escoitar, ler e tocar, vol. 2, páxs. 20 a 31.

TERCEIRA AVALIACIÓN

1 Escala cromática dende Mi2 ata Mi5.

2 La clarinette classique, 3 pezas.

3 295 Exercicios, páxs. 25 a 33.

4 ABC do xoven clarinetista, páxs. 38 a 55.

5 Escoitar, ler e tocar, vol. 2, páxs. 32 a 56.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Probas puntuais de nivel/control.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

A ponderación do valor dos controis sobre a cualificación final será do 20%. Os controis serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Cada alumno terá a obriga de participar en dúas audicións, se ben estas non serán avaliables.

A ponderación do valor das anotacións do caderno de aula sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Este 80% dividirase en:
40% en función dos criterios de avaliación 3 e 4.
20% en función dos criterios de avaliación 1 e 2.
20% en función do criterio de avaliación 5.

En caso de que por motivos xustificados o alumnado non poida realizar o control, a ponderación será a seguinte:

50% en función dos criterios de avaliación 3 e 4

30% en función dos criterios de avaliación 1 e 2

20% en función do criterio de avaliación 5

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os **criterios de cualificación** da proba son os establecidos para o mesmo curso no que está.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.2.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con cando menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en: interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función dos criterios de avaliación 3 e 4.
30% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.
10% da cualificación en función do criterio de avaliación 1.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Interpretación das escalas, estudos e obras (a elección do profesorado) que constan no informe de avaliación negativa e que abranguen, cando menos, os mínimos esixibles do curso

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función dos criterios de avaliación 3 e 4.

30% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.

10% da cualificación en función do criterio de avaliación 1.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.2.5 Recursos didácticos

BONETTI, R.: Enjoy playing the clarinet. Oxford

DANGAIN, G.: ABC do xoven clarinetista, vol.2. Billaudot.

KLOSÉ, J.: 295 Exercicios (revisado por Guy Dangain). Billaudot.

KASTELEIN, J. e OLDENCAMP, M.: Escoitar, ler e tocar, vol. 2.

LANCELOT e CLASSENS: La clarinette classique.

VOXMAN.: Selected duets, vol.1. Rubank Educational.

LANCELOT, J. e PATRICK.H.: Pezas clásicas para clarinete e piano, vol. 1.

BOERSTOEL, J. e KASTELEIN, J.: Escoitar, ler e tocar, vol. 1. De Haske.

MAUZ, R.: Die fröhliche Klarinette, vol. 2. Schott.

VAUGHAN WILLIAMS, R.: Six studies in English folksong.

RAMÍREZ, A. (arr. A. Villalonga): Alfonsina y el mar.

VIVES MOLAS, J.: Canto de sirena.

NAULAIS, JÉRÔME: Croquis.

FRANCK, C. (arr. Johan van Slageren): Ave María.

* O profesor/a seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumno/a en cuestión.

6.3 Curso: 3º GE

6.3.1 Obxectivos

1 Adoptar unha posición corporal e colocación do instrumento correctos.
2 Coñecer e valorar a importancia da respiración abdominal-diafragmática para posibilitar un son estable, centrado e de calidade.
3 Mellorar o dominio da embocadura permitindo unha boa calidade sonora a través de todos os rexistros.
4 Desenvolver o uso das articulacións básicas para conseguir unha maior axilidade e flexibilidade nas propostas musicais do curso.
5 Iniciar o uso dos reflexos necesarios para corrixir de forma consciente a afinación así como a calidade do son.
6 Dominar a escala cromática dende mi2 ata fa5, así como as tonalidades de SibM, Solm, ReM e Sim en diferentes articulacións.
7 Desenvolver un sistema de traballo individual que favoreza o tempo empregado no estudo diario.
8 Memorizar un estudo ou movemento dunha obra proposta neste curso, así como as escalas das tonalidades mencionadas anteriormente.

6.3.2 Contidos

1 Control e dominio progresivo da posición adoptada ao tocar o clarinete.
2 Práctica de exercicios, con e sen instrumento, para continuar desenvolvendo a técnica da respiración abdominal-diafragmática.
3 Práctica de exercicios de embocadura e emisión.
4 Práctica das escalas do curso así como das súas respectivas escalas por terceiras, en diferentes articulacións e na tesitura proposta nos obxectivos.
5 Interpretación e memorización (cando proceda) dos textos musicais propostos para o curso.

6.3.3 Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as diversas necesidades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a complexidade de avaliar unha disciplina artística; transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e accesible, dado que esta Programación estará publicada na páxina web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1 Adquirir unha posición correcta á hora de tocar o clarinete. MÍNIMO ESIXIBLE.
2 Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión. MÍNIMO ESIXIBLE.
3 Correcta realización das diferentes escalas e arpexos programados no curso. MÍNIMO ESIXIBLE.
4 Correcta interpretación e memorización (cando proceda) dos diferentes estudos e obras programados no curso. MÍNIMO ESIXIBLE.
5 Mostrar ao longo do curso unha participación activa na aula de instrumento.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

PRIMEIRA AVALIACIÓN

1 Escala cromática.
2 Seis estudos de Lancelot.
3 Unha das obras programadas para o curso.

SEGUNDA AVALIACIÓN

1 Escala cromática.

2 Seis estudos de Lancelot

3 Unha obra das programadas para o curso.

TERCEIRA AVALIACIÓN

1 Escala cromática.

2 Seis estudos de Lancelot.

3 Unha das obras programadas para o curso.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Probas puntuais de nivel/control.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

A ponderación do valor dos controis sobre a cualificación final será do 20%. Os controis serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Cada alumno terá a obriga de participar en dúas audicións, se ben estas non serán avaliables.

A ponderación do valor das anotacións do caderno de aula sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Este 80% dividirase en:

40% en función dos criterios de avaliación 3 e 4.
20% en función dos criterios de avaliación 1 e 2.
20% en función do criterio de avaliación 5.

En caso de que por motivos xustificados o alumnado non poida realizar o control, a ponderación será a seguinte:

50% en función dos criterios de avaliación 3 e 4

30% en función dos criterios de avaliación 1 e 2

20% en función do criterio de avaliación 5

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá na interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os **criterios de cualificación** da proba son os establecidos para o mesmo curso no que está.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.3.4 Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con cando menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en:

Interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función dos criterios de avaliación 3 e 4.

30% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.

10% da cualificación en función do criterio de avaliación 1.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá en:

Interpretación das escalas, estudos e obras (a elección do profesorado) que constan no informe de avaliación negativa e que abranguen, cando menos, os mínimos esixibles do curso

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función dos criterios de avaliación 3 e 4.

30% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.

10% da cualificación en función do criterio de avaliación 1.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.3.5 Recursos didácticos

LANCELOT, J.: 25 Estudos fáciles e progresivos.
KASTELEIN, J. e OLDENCAMP, M.: Escoitar, ler e tocar, vol. 3.
CORELLI, A. (arr. Reginald Kell): Gigue
MOZART, W.A.: Divertimento nº1
LEFÈVRE, X.: Sonata Nº1.
BAERMANN, C.: Vortragsstück Nr. 18 (do "Klarinett-Schule" op. 63)
BAERMANN, C.: Adagio Nr. 24 (do "Klarinett-Schule" op. 63)
DEBUSSY, C.: Petite pièce.
LANCELOT, J. e PATRICK, A.: Pezas clásicas para clarinete e piano. Vol.2.
DAVIES, J. e HARRIS, P.: Easy Gershwin for clarinet.
ALBINONI, T (Trans. Giovanni Orsomando): Adagio.
ALBÉNIZ, I.: Tango.
SAINT-SAËNS, C.: O Cisne.
SCHUBERT, F. (arr. Udo Wessiepe): Ave María.
REGER, M. (arr. Alfred Piguet): Romanze.
SICHLER, J.: Coeur ensoleillé.
FAURÉ, G.: Pavane Op. 50.
CLÉRISSE, R.: Vieille chanson

* O profesorado seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumnado en cuestión.

6.4. Curso: 4º GE

6.4.1. Obxectivos

1 Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza unha correcta colocación do instrumento así como a coordinación entrámbalas mans.
2 Controlar o aire mediante a respiración abdominal-diafragmática e os músculos que interveñen na embocadura de maneira que posibiliten unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
3 Saber utilizar con precisión os reflexos necesarios para corrixir de forma automática a afinación e a calidade do son.
4 Dominar a escala cromática dende mi2 ata sol5 así como as tonalidades ata con dúas alteracións en diferentes articulacións.
5 Adquirir hábitos e técnicas de estudo que posibiliten a consecución dos obxectivos do curso.
6 Memorizar completamente unha das obras propostas no curso.
7 Coñecer as características e posibilidades sonoras do clarinete e saber empregalas tanto na interpretación individual como de conxunto.
8 Interpretar un repertorio básico, integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde con este nivel.
9 Coñecer unha breve descrición histórica do clarinete dende a súa aparición ata os nosos días.

6.4.2. Contidos

1 Capacidade de control e dominio da posición corporal ao tocar o clarinete.
2 Práctica de exercicios, con e sen instrumento, para desenvolver a capacidade pulmonar na respiración abdominal-diafragmática.
3 Exercicios de embocadura e emisión (abarcando dende mi2 ata sol5).
4 Práctica das escalas do curso así como das súas respectivas escalas por terceiras, en diferentes articulacións e na tesitura proposta nos obxectivos.
5 Interpretación e memorización (cando proceda) dos textos musicais propostos para o curso.
6 Coñecemento dos feitos históricos e das características acústicas propias do clarinete e dos instrumentos da súa familia.

6.4.3. Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as diversas necesidades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a complexidade de avaliar unha disciplina artística; transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e accesible, dado que esta Programación estará publicada na páxina web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1 Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación. MÍNIMO ESIXIBLE.
2 Dominar as escalas en diferentes alturas e articulacións, controlando a emisión e a afinación. MÍNIMO ESIXIBLE.
3 Interpretar textos musicais e memorizalos (cando proceda) cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos. MÍNIMO ESIXIBLE.
4 Mostrar ao longo do curso unha participación activa na aula de instrumento.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

- Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.
- Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

PRIMEIRA AVALIACIÓN

1 Escala cromática.
2 Seis estudos de Lancelot.
3 Unha obra das programadas no curso.

SEGUNDA AVALIACIÓN

1 Escala cromática.
2 Seis estudos de Lancelot.
3 Unha obra das programadas no curso.

TERCEIRA AVALIACIÓN

1 Escala cromática.
2 Seis estudos de Lancelot.
3 Unha obra das programadas no curso.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Probas puntuais de nivel/control.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun

caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.

- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

A ponderación do valor dos controis sobre a cualificación final será do 20%. Os controis serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Cada alumno terá a obriga de participar en dúas audicións, se ben estas non serán avaliables.

A ponderación do valor das anotacións do caderno de aula sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Este 80% dividirase en:

40% en función dos criterios de avaliación 2 e 3.
20% en función do criterio de avaliación 1.
20% en función do criterio de avaliación 4.

En caso de que por motivos xustificados o alumnado non poida realizar o control, a ponderación será a seguinte:

50% en función dos criterios de avaliación 2 e 3.

30% en función do criterio de avaliación 1.

20% en función do criterio de avaliación 4.

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

6.4.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con cando menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en: interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os **criterios de cualificación** da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función do criterio de avaliación 3.
20% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.
20% da cualificación en función do criterio de avaliación 1.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A proba consistirá na interpretación das escalas, estudos e obras (a elección do profesorado) que constan no informe de avaliación negativa e que abranguen, cando menos, os mínimos esixibles do curso

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función do criterio de avaliación 3.
20% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.
20% da cualificación en función do criterio de avaliación 1.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.4.5. Recursos didácticos

LANCELOT, J.: 33 Études assez faciles. Cadernos 1 e 2.
HAENDEL: Sonata en Solm. Billaudot.
WANHAL: Sonata

MOZART, W. A.: Divertimento Nº2.

LEFÈVRE, X.: Sonata Nº6.

BAERMANN, H.: Adagio. Breitkopf.

BAERMANN, C.: Adagio Nr. 46 (do "Klarinett-Schule" op. 63)

REGER, M.: Romanza. Breitkopf.

GADE, N. W.: Ballade Op. 43 nº3

MANGANI, M.: Páxina de álbum.

ROUGERON, Ph.: Le Petit Train. Ricordi.

FAURÉ, G.: Berceuse Op.16.

NIELSEN, C.: Fantasía. Wilhelm Hansen.

HARRIS, P: Suite in five

MILHAUD, D.: Petit concert

CLÉRISSE, R.: Promenade

* O profesorado seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumnado en cuestión.

6.5. Curso: 1º GP

6.5.1. Obxectivos

1 Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
2 Dominar escalas maiores e menores, naturais, harmónicas e melódicas, de 3 a 4 alteracións, e os correspondentes arpexos maiores, menores e de sétima de dominante.
3 Practicar a escala cromática dende mi2 ata sol5 en diferentes articulacións.
4 Interpretar un repertorio adecuado a este nivel empregando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
5 Memorizar textos musicais.
6 Adquirir unha técnica de estudo que repercuta positivamente no desenvolvemento instrumental.

6.5.2. Contidos

1 Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
2 Exercicios de mecanismo: escalas, terceiras e arpexos.
3 Exercicios de interpretación.
4 Exercicios de articulación.
5 Técnicas de estudo.
6 Coñecemento de características acústicas e históricas do clarinete.

6.5.3. Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as diversas necesidades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a complexidade de avaliar unha disciplina artística; transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e accesible, dado que esta Programación estará publicada na páxina web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1 Tocar correctamente os estudos, as escalas e as obras programadas. MÍNIMO ESIXIBLE.
2 Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación. MÍNIMO ESIXIBLE.
3 Interpretar textos musicais coa medida, fraseo, articulación e afinación correctos. MÍNIMO ESIXIBLE.
4 Interpretar correctamente un estudo ou un movemento dunha obra de memoria.
5 Mostrar ao longo do curso unha participación activa na aula de instrumento.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

PRIMEIRA AVALIACIÓN

1 Tres escalas.
2 Unha obra de estilo clásico.
3 6 estudos de Rose ou 6 Estudos de Lancelot.

SEGUNDA AVALIACIÓN

1 Tres escalas
2 Unha obra de estilo romántico.
3 6 Estudos de Rose ou 6 Estudos de Lancelot

TERCEIRA AVALIACIÓN

1 Tres escalas.
2 Unha obra de estilo moderno.
3 6 Estudos de Rose ou 6 Estudos de Lancelot.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Probas puntuais de nivel/control.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

A ponderación do valor dos controis sobre a cualificación final será do 20%. Os controis serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Cada alumno terá a obriga de participar en dúas audicións, se ben estas non serán avaliables.
A ponderación do valor das anotacións do caderno de aula sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Este 80% dividirase en:

50% en función dos criterios de avaliación 1 e 3.
20% en función do criterio de avaliación 2.
10% en función dos criterios de avaliación 4 e 5.

En caso de que por motivos xustificados o alumnado non poida realizar o control, a ponderación será a seguinte:

60% en función dos criterios de avaliación 1 e 3

30% en función do criterio de avaliación 2

10% en función dos criterios de avaliación 4 e 5

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en: interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os **criterios de cualificación** da proba son os establecidos para o mesmo curso no que está.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.5.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación. Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con cando menos unha

semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en: interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función dos criterios 1 e 3
20% da cualificación en función do criterio 2
20% da cualificación en función do criterio 4

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) por parte do profesor ou profesora da materia na sesión de avaliación correspondente.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A **proba** consistirá en: interpretación das escalas, estudos e obras (a elección do profesorado) que constan no informe de avaliación negativa e que abranguen, cando menos, os mínimos esixibles do curso

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función dos criterios 1 e 3
30% da cualificación en función do criterio 2
10% da cualificación en función do criterio 4

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.5.5. Recursos didácticos

LANCELOT, J.: 33 Études assez faciles. Caderno 2.
GAMBARO, V.: 21 Caprichos. Ricordi.
ROSE: 26 Estudos. Leduc.
TARTINI, G.: Concertino. Boosey and Hawkes.
STAMITZ, C.: Concerto nº3 en Sib M IMC.
RIMSKY-KORSAKOV, N.: Concerto para clarinete.
YOST, M.: Six duos Op.5. Nos. 1-3. Musica Rara.
GADE, N. W.: Pezas Fantásticas para clarinete e piano. Wilhelm Hansen.
MILHAUD, D.: Caprice.
BOZZA, E.: Aria. Leduc.
RAVEL, M (arr. I. OLENCKIK): Pavana para unha infanta defunta.
BARTÓK, B.: Danzas romanesas. Editio Musica Budapest.
FERGUSON, H.: 4 Pezas curtas.
JACOB, G.: Five Pieces for solo clarinet. Oxford University Press.
BUSONI, F.: Frühe Charakterstücke. G. Henle Verlag.
PONS SERVER, J.: Tres Pezas. Rivera.
WHITE, A.: Bagatelles for clarinet and piano.

* O profesorado seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumnado en cuestión.

6.6. Curso: 2º GP

6.6.1. Obxectivos

1 Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
2 Dominar escalas maiores e menores, natural, harmónica e melódica, en tonalidades de ata 4 alteracións, terceiras, arpexos, maiores e menores e de sétima de dominante.
3 Practicar a escala cromática dende mi2 ata sol#5 en diferentes articulacións.
4 Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
5 Memorizar textos musicais.
6 Adquirir unha técnica de estudo rendible.

6.6.2. Contidos

1 Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
2 Exercicios de mecanismo: escalas, terceiras e arpexos.
3 Exercicios de interpretación.
4 Exercicios de articulación.
5 Técnicas de estudo.
6 Coñecemento dalgunhas características acústicas e históricas do clarinete.

6.6.3. Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as diversas necesidades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a complexidade de avaliar unha disciplina artística; transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e accesible, dado que esta Programación estará publicada na páxina web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1 Tocar correctamente os estudos, as escalas e as obras programadas. MÍNIMO ESIXIBLE.
2 Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación. MÍNIMO ESIXIBLE.

3 Interpretar textos musicais coa medida, fraseo, articulación e afinación correctos. MÍNIMO ESIXIBLE.
4 Interpretar correctamente un estudo ou un movemento dunha obra de memoria.
5 Mostrar ao longo do curso unha participación activa na aula de instrumento.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

Superar os criterios de avaliación indicados como mínimos esixibles no apartado anterior. Consideraranse como superados cada un destes criterios cando na rúbrica de avaliación correspondente se acade o valor indicado como mínimo esixible.

Obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 na aplicación de todos os criterios de avaliación do curso, aplicación que se fará mediante a rúbrica correspondente (ver anexos).

PRIMEIRA AVALIACIÓN

1 Tres escalas
2 Unha obra de estilo clásico.
3 6 Estudos de Gambaro, 6 estudos de Müller ou 6 estudos de Rose.

SEGUNDA AVALIACIÓN

1 Tres escalas.
2 Unha obra de estilo romántico.
3 6 Estudos de Gambaro, 6 estudos de Müller, ou 6 estudos de Rose.

TERCEIRA AVALIACIÓN

1 Tres escalas.
2 Unha obra moderna.
3 6 Estudos de Gambaro, 6 estudos de Müller, ou 6 estudos de Rose.

Avaliación inicial

Nas primeiras sesións de clase realizarase unha avaliación inicial, na que se analizará o grao

de consecución dos obxectivos do curso anterior, especialmente no referente a esta materia, e que permita identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa, de ser o caso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Con carácter xeral a avaliación do alumnado será unha avaliación continua, polo tanto, en cada unha das sesións de clase farase un seguimento do grao de consecución dos obxectivos e dos contidos abordados.

O profesorado valerase dos seguintes procedementos para a avaliación do alumnado:

- Observación directa e seguimento en cada unha das sesións de clase, tanto do grao de estudo e dominio do repertorio, coma do grao de participación e actitude fronte á materia, coma dos demais aspectos que se indiquen nos criterios de avaliación e cualificación.
- Probas puntuais de nivel/control.

As ferramentas de avaliación serán as seguintes:

- Dada a importancia da observación directa e do seguimento continuo do alumnado dentro dos procedementos de avaliación, o profesor/a levará conta destes aspectos nun caderno de seguimento do alumnado co fin de dar trazabilidade, transparencia e accesibilidade en todo momento á avaliación do alumnado.
- Así mesmo, a aplicación dos criterios de cualificación en cada unha das avaliacións do alumnado realizarase mediante o uso das rúbricas correspondentes.

A **cualificación final** da materia será a media das tres cualificacións parciais (trimestrais) do curso.

Considerarase que a materia está superada cando a cualificación final da mesma sexa igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

Criterios de cualificación

A ponderación do valor dos controis sobre a cualificación final será do 20%. Os controis serán cualificados en virtude dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Cada alumno terá a obriga de participar en dúas audicións, se ben estas non serán avaliables.
A ponderación do valor das anotacións do caderno de aula sobre a cualificación final será do 80%. Esta cualificación será adxudicada en virtude do grao de cumprimento dos criterios de avaliación e cualificación establecidos para o curso. Este 80% dividirase en:

50% en función dos criterios de avaliación 1 e 3.
20% en función do criterio de avaliación 2.
10% en función dos criterios de avaliación 4 e 5.

En caso de que por motivos xustificados o alumnado non poida realizar o control, a ponderación será a seguinte:

60% en función dos criterios de avaliación 1 e 3

30% en función do criterio de avaliación 2

10% en función dos criterios de avaliación 4 e 5

A aplicación destes criterios de cualificación farase mediante a rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios para a concesión de ampliación de matrícula están regulados nas Normas de Organización e Funcionamento do centro (NOF), á disposición da comunidade educativa na páxina web.

Para conceder a ampliación de matrícula é necesario que o alumnado teña superado todos os obxectivos sinalados para o curso que estea realizando. Ademais deberá demostrar un grao de madureza e sensibilidade acorde co curso ao que pretenda promocionar.

Para tal fin realizarase unha **proba** que consistirá en: interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os **criterios de cualificación** da proba son os establecidos para o mesmo curso no que está.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente publicada nesta programación (ver anexos).

Esta proba valorarase do 1 ao 10 sendo necesaria unha cualificación de 5 puntos para superala.

6.6.4. Medidas de recuperación

Procedementos de recuperación ordinarios

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións parciais do presente curso realizarase un plan de traballo específico establecendo as actividades de reforzo e de avaliación que se consideren necesarias en relación cos aspectos que precisen de mellora. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos das avaliacións parciais que tivera pendentes estas consideraranse superadas, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

No caso do alumnado que teña a materia pendente do curso anterior realizarase un plan de traballo específico tendo en conta os puntos que necesiten dunha maior mellora, principalmente naqueles que se consideren contidos mínimos necesarios para superar o curso. No momento no que o alumno ou alumna domine os contidos do curso que tivera pendente este considerarase superado, e así se fará constar no caderno de seguimento do alumnado.

Procedementos de avaliación nos casos en que a avaliación continua non é posible

Como se indica anteriormente, o procedemento xeral de avaliación é o da avaliación continua pero, se o profesor ou profesora da materia considera que non ten os datos necesarios para avaliar o alumnado de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas deberá convocalo para unha proba na semana de exames previa a todas as sesións de avaliación.

Neste caso o alumno ou alumna será convocado para dita proba con cando menos unha semana de antelación. Será o criterio do profesor ou profesora o que determine se un alumno ou alumna non pode ser avaliado seguindo os procedementos ordinarios da avaliación continua pero, en todo caso o número de ausencias do alumno ou alumna deberá ser superior ao 50% das sesións de clase do trimestre.

Dita proba consistirá en: interpretación dunha escala, un ou varios estudos e unha obra dos incluídos nos mínimos esixibles.

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función dos criterios de avaliación 1 e 3.

30% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.

10% da cualificación en función do criterio de avaliación 4.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1) na sesión de avaliación correspondente.

Proba extraordinaria de avaliación (para materias con cualificación negativa)

Aquel alumnado que non superase a materia na convocatoria ordinaria do curso disporá dunha proba extraordinaria para a recuperación da mesma (no mes de xuño). Nela deberá demostrar o dominio sobre os contidos do curso correspondente para poder aprobar a materia.

A **proba** consistirá en: interpretación das escalas, estudos e obras (a elección do profesorado) que constan no informe de avaliación negativa e que abranguen, cando menos, os mínimos esixibles do curso

Os criterios de cualificación da proba son os seguintes:

60% da cualificación en función dos criterios de avaliación 1 e 3.

30% da cualificación en función do criterio de avaliación 2.

10% da cualificación en función do criterio de avaliación 4.

A aplicación dos criterios de cualificación farase mediante rúbrica correspondente (ver anexos).

Para a realización desta proba o profesorado da materia poderá requirir unicamente os exercicios e repertorio que considere non dominados durante o curso e así o fará constar no informe de avaliación negativa correspondente. En caso contrario o alumnado deberá presentar para a proba todo o repertorio e exercicios indicados para o curso.

6.6.5. Recursos didácticos

GAMBARO, V.: 21 Caprichos. Ricordi

MÜLLER.: 30 Estudos. Ricordi.

ROSE: 32 Estudos. Leduc.

STAMITZ, C.: Concerto en Sib (2º concerto de Darmstadt).

BAERMANN, C.: Vortragsstück Nr. 32 (do "Klarinett-Schule" op. 63).

DONIZETTI, G: Concertino.

CRUSELL, B. H.: Three Progressive clarinet duets. Hinrichsen.

KÜFFNER, J.: Introdución, tema e variacións, op. 33. Peters.

BARTÓK, B.: Sonatina.

BOZZA, E.: Claribel

FINZI, G.: 5 Bagatelas.

HARRIS, P.: Sonatina.Fen 421.

D'RIVERA, P. 2. Habanera, 3 pieces for clarinet and piano.

* O profesorado seleccionará os recursos didácticos que considere máis oportunos para o alumnado en cuestión.

6.7. Curso: 3ºGP

6.7.1. Obxectivos

1 Perfeccionar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación.
2 Dominar escalas maiores e menores, natural, harmónica e melódica, ata con 5 alteracións, e os correspondentes arpexos maiores, menores e de sétima de dominante.
3 Practicar a escala cromática ata La5 en diferentes articulacións.
4 Interpretar textos musicais empregando a medida, afinación, fraseo e articulación correctos.
5 Memorizar textos musicais.
6 Adquirir unha técnica de estudo rendible.

6.7.2. Contidos

1 Exercicios de respiración, embocadura, emisión e afinación.
2 Exercicios de mecanismo: escalas, terceiras e arpexos.
3 Exercicios de interpretación.
4 Exercicios de articulación.
5 Técnicas de estudo.
6 Coñecemento dalgunhas características acústicas e históricas do clarinete.

6.7.3. Avaliación

A avaliación terá carácter eminentemente formativo co fin de detectar as diversas necesidades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Dita avaliación será en todo caso obxectiva, tendo en conta a complexidade de avaliar unha disciplina artística; transparente, xa que será resultado da aplicación dos criterios de avaliación e cualificación contidos nesta programación didáctica; e accesible, dado que esta Programación estará publicada na páxina web do centro e o alumnado e as familias poderán consultar toda a información relacionada coa súa avaliación ao longo do proceso de ensinanza e aprendizaxe.

Criterios de avaliación

1 Controlar a técnica respiratoria, embocadura, emisión e afinación. MÍNIMO ESIXIBLE.

2 Dominar as escalas en diferentes alturas e articulacións, controlando a emisión e a afinación. MÍNIMO ESIXIBLE.
3 Interpretar os textos musicais cunha medida, fraseo, articulación e afinación correctos. MÍNIMO ESIXIBLE.
4 Interpretar un estudo ou un movemento dunha obra de memoria.
5 Mostrar ao longo do curso unha participación activa na aula de instrumento.

Mínimos esixibles

Para acadar unha cualificación positiva na materia é necesario:

